

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

EXTRACTO da Orde do 26 de abril de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de subvencións a institucións sen fins de lucro, entidades locais galegas e agrupacións de concellos, destinadas ao financiamento de gastos correntes derivados da realización de festivais, feiras, mostras, ciclos e certames de artes escénicas e musicais de carácter afeccionado, e se convocan para o ano 2016.

BDNS (Identif.): 306514.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

Primeiro. *Beneficiarias*

Institucións sen fins de lucro domiciliadas en Galicia, así como as entidades locais galegas e agrupacións de concellos que leven a cabo algún dos eventos descritos no obxecto da convocatoria.

Segundo. *Finalidade*

A concesión de axudas, en réxime de concorrència competitiva, das subvencións destinadas a financiar os gastos correntes derivados da realización de festivais, feiras, mostras, ciclos e certames de artes escénicas e musicais de carácter afeccionado para o ano 2016.

Para os efectos desta convocatoria, entenderanse por programas ou actividades culturais concretas aqueles destinados á promoción e cooperación cultural e á difusión e animación sociocultural que contribúan ao espallamento e á promoción da cultura en Galicia.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Orde do 26 de abril de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de subvencións a institucións sen fins de



lucro, entidades locais galegas e agrupacións de concellos, destinadas ao financiamento de gastos correntes derivados da realización de festivais, feiras, mostras, ciclos e certames de artes escénicas e musicais de carácter afeccionado, e se convocan para o ano 2016.

Cuarto. *Importe*

Para a concesión das subvencións convocadas destinarase un crédito total de 50.000 euros con cargo ás aplicacións orzamentarias seguintes: 10.20.432B.481.2, por un importe inicial máximo de 30.000 euros, para os solicitantes dentro do grupo de institucións sen fins de lucro, e 10.20.432B.460.0, por un importe inicial máximo de 20.000 euros, para o grupo de solicitantes de entidades locais e agrupacións de concellos.

A axuda máxima por beneficiario que concederá a consellería será de 6.000 euros, que en ningún caso poderá exceder o 70 % do orzamento total do proxecto que se vaia realizar. Este importe de 6.000 euros ascenderá a 7.500 euros cando se trate de solicitudes conxuntas de entidades locais, é dicir, solicitudes presentadas conxuntamente por máis dunha entidade local baixo calquera fórmula (agrupación, asociación, mancomunidade, fusión ou calquera outra similar).

O importe máximo destas axudas non poderá, en ningún caso, superar o custo das actividades que desenvolvan as entidades beneficiarias

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

Un mes desde o día seguinte ao da publicación deste extracto no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 26 de abril de 2016

Román Rodríguez González
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

